

A Comisión Autonómica Central de Farmacia e Terapéutica (CACFT) reunida en data 22 de xuño de 2026, **CONSIDERA PERTINENTE**, de acordo a instrución 4/2010 do 26 de abril da Xerencia do Servizo Galego de Saúde, a inclusión na guía farmacoterapéutica das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, do medicamento **TEZEPELUMAB**, así como a actualización do ditame de **OMALIZUMAB biosimilar e DUPILUMAB**, considerados todos eles medicamentos de alto impacto sanitario, social e económico. En consecuencia, quedan incluídos

MEPOLIZUMAB, DUPILUMAB, OMALIZUMAB biosimilar e TEZEPELUMAB

no tratamento da rinosinusite crónica bilateral con pólipos nasais, como tratamento adicional aos corticoides intranasais, en pacientes adultos que:

- presentan unha enfermidade grave: PPN ≥ 5 e EVA > 7 e/ou SNOT-22 > 50 e,
- foron sometidos a dúas ou máis cirurxías e,
- o uso de ≥ 2 ciclos de corticoides sistémicos ao longo do ano anterior non proporcionou un control adecuado da enfermidade

Ademais os pacientes deben cumprir un dos seguintes criterios:

- Eosinófilos en sangue ≥ 300 células/ μ l e/ou eosinófilos en tecido ≥ 10 células/campo e/ou IgE > 100 UI/mL
- Alteración grave do sentido do olfato: EVA > 7 ou hiposmia grave/anosmia
- Presencia de asma grave e/ou enfermidade respiratoria exacerbada por aspirina/AINE

Aos 6 e 12 meses de tratamento debe valorarse o control da enfermidade, debendo interromper o tratamento se están presentes 3 ou máis dos criterios seguintes:

- gravidade da enfermidade, EVA > 7 -10
- perda de olfato, EVA > 7 -10
- SNOT-22 > 50
- PPN ≥ 5
- > 2 ciclos cortos de corticoides sistémicos no último ano

Para a elección entre as distintas alternativas de tratamento (agás omalizumab biosimilar) teranse en conta **criterios de eficiencia**.

No caso de pacientes con niveis de IgE por debaixo de 200 UI/mL e peso inferior a 90 Kg, pode valorarse o uso de Omalizumab biosimilar por ser unha terapia moi eficiente

***Queda sen efecto o ditame "Dupilumab e Omalizumab biosimilar e actualización do ditame de Mepolizumab en rinosinusite crónica con polipose nasal (RSCcPN)" do 23 de febreiro de 2026**

Esta resolución e comunicada, nesta data, á Comisión de Farmacia e Terapéutica do seu hospital.

Santiago de Compostela,

O presidente da Comisión Autonómica Central de Farmacia e Terapéutica
Alfredo José Silva Tojo

Xerente da Área Sanitaria do Servizo Galego de Saúde